

LIBERDADE
pres@s politic@s
MEXICAN@S



www.cgtchiapas.org

CONTA DE SOLIDARIEDADE: 0049 1837 51 2710238946

JKAL

LIBERDADE PRES@S POLITIC@S MEXICAN@S

A situación de infindade de loitador@s sociais é preocupante dabondo en México. Continuamente chegan novas sobre o grao de represión que os diferentes niveis de goberno (municipal, estatal e federal) practican contra @s compañeir@s que decidiron exercer o seu dereito a non se conformar coa inxusta situación de precariedade e exclusión social na que viven, debido ao aumento dos prezos, a carencia dunha sanidade e educación dignas, o despoxo das terras a campesiñ@s e indíxenas, etc.

A opción que a clase política mexicana tomou, independentemente do partido de que se trate, é a da represión. En troques de buscar unha solución dialogada ás xustas demandas da sociedade civil, actúa como se o problema non existise e trata de calar a protesta e facela invisible. A represión é exercida de diferentes xeitos e maneiras, todas indignas e desprezables. Torturas, secuestros, asasinatos, violacións e, sobre todo, as cadeas cheas de pres@s polític@s.

Desde que vira a luz a *Sexta Declaración da Selva Lacandona*, lanzada no 2005 polo *Exército Zapatista de Liberación Nacional (EZLN)*, co que se chama *A Outra Campaña* fôronse coñecendo diferentes grupos e colectivos. Esta confluencia fixo posible unha mellor defensa dos seus dereitos e tamén posibilitou a saída dalgúns presos e presas polític@s, pero aínda faltan moit@s por saír.



Para seguir loitando pola liberdade d@s pres@s polític@s, colectivos, organizacións e individuos da *Otra Campaña* e a *Rede Contra a Represión e pola Solidariedade* lanzaron unha campaña internacional chamada **PRIMEIRO OS NOSOS PRESOS**.

Para a *CGT* é moi importante a loita que desenvolve *A Outra Campaña*, xa que é a mesma loita que nós desenvolvemos nos diferentes centros de traballo nos que estamos presentes e nos movementos sociais nos que participamos. Unha loita contra a explotación, o despoxo, a represión e o desprezo. Unha loita contra o sistema capitalista.

Polo exposto anteriormente a *CGT* súmase a esta campaña chamada **PRIMEIRO OS NOSOS PRESOS** e realizará accións en diferentes localidades, porque si é a nosa loita, tamén son os nos@s pres@s e, se nos

tocan a un, tócanos a tod@s. Ademais, abreuse o número de conta **0049-1837-51-2710238946** para realizar unha recollida de fondos *pres@s polític@ da Outra Campaña*.

Animámos vos a participar.

Pres@s polític@s, LIBERDADE!

CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO